

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Marino Dónega do 15/01/1974

Colección:

Data: 15/01/1974

De:

Luís Seoane;

Para:

Marino Dónega;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Asuntos particulares;

Mencionados:

Fernando Dónega; María López Mosquera; Fernanda Sánchez Figueiras;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Marino Dónega do 15/01/1974

Buenos Aires, 15 de Xaneiro de 1974

Sr.
D. Marino Dónega Rozas
La Coruña

Meu querido amigo:

Agradézoche moito as tuas verbas de pésame con motivo do pasamento da miña nai. Pasaron xa algunhas semáns e aínda me atopo confuso e depresivo, sin ganas de facer ren. Un non sabe é un misterio, que fío segredo xungue un fillo a unha nai, de que xeito a desaparición de un dos dous afecta ó outro. Pasaron os días e un sorpréndese matinando no que perdéu, e, como de súbito, o tempo adiantouse a un para ocupar nél o lugar da nai, dos pais. A un envelleceo a morte que o rodea, e moito máis si é a de aqueles que un mais quere, mais prósima a un. Agradézoche moito as tuas verbas.

Xa estou repostado do accidente. Xa non uso o bastón e ando normalmente. No sei nada do pleito do auto, si se arranxaron ou continúa. Tampouco sei si se vendéu. Si me escribes fálame algo de esto. Coida que eu son un cliente malo mais que non aconsella os seus abogados.

Unha garimosa e grande aperta para Fernando, Fernando e pra tí de:

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.